

O masculino xenérico no álbum ilustrado. Unha aproximación crítica

The Generic Masculine in the Picture Book. A Critical Approach

Carmen María Caeiro Rodríguez

Recibido: 28/10/2025

Aceptado: 03/07/2026

RESUMO

Este artigo analiza criticamente o uso do masculino xenérico en 33 álbums ilustrados publicados en galego e castelán. A investigación parte da concepción da linguaxe como ferramenta performativa e socializadora que pode contribuír a reproducir ou cuestionar as relacións de poder simbólico. A través dunha análise cualitativa textual e visual, os usos do masculino xenérico ordénanse segundo o grao de reformulación inclusiva que requiren. Os resultados amosan que a totalidade dos usos admite reformulación inclusiva, cun alcance que vai desde a substitución léxica ata a reescritura da pasaxe. Ademais, identifícase un papel compensatorio das ilustracións na representación da diversidade de xénero. A investigación conclúe que, malia os avances en diversidade visual e temática, a persistencia do masculino xenérico revela unha forte inercia discursiva. Subliñase a necesidade dunha maior atención á dimensión lingüística nos materiais dirixidos á infancia e recoméndase unha mediación lectora crítica desde unha perspectiva coeducativa.

Palabras chave: linguaxe inclusiva; masculino xenérico; álbum ilustrado; igualdade de xénero; coeducación

Carmen María Caeiro Rodríguez. Máster en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria e doutoranda en Equidade e Innovación en Educación pola Universidade de Vigo. Graduada en Educación Primaria e docente interina na área de Didácticas Específicas. Investiga en educación interdisciplinar con enfoque ecosocial e de xénero e no uso de narrativas visuais e artísticas como o álbum ilustrado. ORCID: 0009-0002-4391-1165

Cómo citar este artículo: Caeiro Rodríguez, Carmen María (2026). O masculino xenérico no álbum ilustrado. Unha aproximación crítica. *Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas*, 11 (2), 2-28. doi: <https://dx.doi.org/10.17979/arief.2026.11.2.12697>

ABSTRACT

This paper critically analyses the use of the generic masculine in 33 picture books published in Galician and Spanish. The research is grounded in the understanding of language as a performative and socializing tool that can either reproduce or challenge symbolic power relations. Through a qualitative textual and visual analysis, the uses of the generic masculine are ordered according to the degree of inclusive reformulation they require. The results show that all uses admit inclusive reformulation, ranging from lexical substitution to rewriting the passage. In addition, a compensatory role of the illustrations is identified in the representation of gender diversity. The research concludes that, despite advances in visual and thematic diversity, the persistence of the generic masculine reveals a strong discursive inertia. It highlights the need for greater attention to the linguistic dimension in materials aimed at children and recommends critical reading mediation from a co-educational perspective.

Keywords: *inclusive language; generic masculine; picture book; gender equality; co-education*

1. INTRODUCCIÓN

A linguaxe é un elemento constitutivo da nosa cultura que constrúe, transforma e transmite significados entre xeracións; non é un mero reflexo da realidade (Macionis & Plummer, 2011). Neste sentido, as palabras, lonxe de seren neutras, levan significados que inflúen na forma en que nos percibimos a nós mesmas e ás demais persoas (Sau, 2009; Dayer, 2017). Bourdieu (2006) sinala o poder simbólico da linguaxe na reprodución e transformación das estruturas de dominación. Martín (2019) subliña que as eleccións léxicas e estruturais impoñen unha visión particular do mundo, mediando o pensamento, a ideoloxía e a historia. Cuba (2018) reforza esta idea ao afirmar: “El poder de todos los enunciados –en tanto que son intrínsecamente performativos– es que actúan y moldean el mundo social: el lenguaje no solo ‘hace cosas’, sino que también ‘crea realidades discursivas’” (p. 33). Como sosteñen Berger e Luckmann (2000), o xeito en que nomeamos o mundo impacta profundamente as percepcións sociais. Este acto de nomear é un proceso creativo que pode lexitimar desigualdades e configurar o poder social, facendo da linguaxe unha ferramenta activa na

construción da realidade (Butler, 2017).

Neste contexto, Bosque (2012) expón catro premisas sobre a linguaxe. Primeiro, reconece a existencia de discriminación cara ás mulleres na sociedade. Segundo, destaca a presenza de comportamentos verbais sexistas, xa que a linguaxe pode empregarse para describir, ordenar, interrogar, enxalzar ou mesmo ferir, podendo así perpetuar discriminacións. Terceiro, sinala o compromiso de numerosas institucións coa promoción dun uso da linguaxe que non reproduza estereotipos nin sexa excluínente. Finalmente, subliña a necesidade de estender a igualdade social e visibilizar a presenza das mulleres.

A linguaxe, como sistema subxacente, non é intrinsecamente sexista; porén, as normas establecidas por institucións como a Real Academia Española (RAE) poden perpetuar prácticas discriminatorias se non se adaptan aos cambios sociais. Así, a RAE afirma que “los términos en masculino incluyen en su referencia a hombres y mujeres cuando el contexto deja suficientemente claro que es así [...]” (RAE, 2020, p. 26). Este concepto de masculino xenérico defínese como o xénero non marcado, empregado non só para designar individuos masculinos senón tamén para referirse, en contextos adecuados, a toda a clase sen distinguir o sexo (Alarcos Llorach, 1994). Esta práctica deféndese pola economía lingüística e a necesidade dunha concordancia sen complicacións. Con todo, desde a perspectiva da lingüística feminista, resulta problemático, xa que o uso do masculino xenérico invisibiliza as mulleres e as identidades non masculinas (Spender e Sarah, 1993; Cameron, 1992) e tende a evocar representacións predominantemente masculinas (Gygax et al., 2008; Stahlberg et al., 2007). Segundo Cuba (2018), a linguaxe é unha ferramenta activa na configuración das relacións de poder, e a defensa do masculino como norma sexista clausura o debate sobre o sexismo lingüístico. Isto conduce a manifestacións involuntarias – como o uso exclusivo de “nenos” ou “alumnos” para referirse a todo o estudantado– que perpetúan unha violencia simbólica contra as mulleres. De

Miguel (2023) subliña a necesidade de diferenciar entre gramaticalidade, aceptabilidade e corrección e, neste sentido, o "masculino hexemónico" non é un reflexo neutro da gramática, senón un constructo que, historicamente, contribúe á invisibilización das mulleres e das identidades que escapan ao binarismo tradicional. Desde unha perspectiva diferente, Escandell Vidal (2020) recoñece as críticas ao masculino xenérico pero sostén que a gramática do español non é intrinsecamente sexista. Segundo a súa análise, o feminino aparece marcado para referirse especificamente ás mulleres, mentres que o masculino, como forma non marcada, exerce unha función inclusiva por defecto. Atribuír ao masculino xenérico a responsabilidade do sexismo, segundo Escandell Vidal, ignoraría que os estereotipos discriminatorios son produto da mentalidade social, máis que da estrutura gramatical en si mesma. Non obstante, experimentos recentes demostraron que, aínda que a inclusión de información contextual pode equilibrar as asociacións de xénero, os procesos automáticos seguen favorecendo representacións masculinas (Rothermund & Strack, 2024).

Cuba (2018) avoga, ademais, pola adopción de formas lingüísticas inclusivas que, denunciando a inercia do sistema hexemónico, permitan repensar e transformar as prácticas discursivas cara a unha maior equidade. Neste contexto, a linguaxe inclusiva, segundo Guerrero (2020), é unha forma de comunicación que evita a discriminación por razón de sexo, xénero ou identidade, e xorde “como produto de la demanda de una parte de la sociedad que no se siente correctamente representada” (Guerrero, 2020, p.201). As propostas para promovelas inclúen mecanismos de neutralización como termos colectivos (persoas, veciñanza), a especificación explícita (pais e nais) e o emprego de formas femininas dispoñibles (xuíza), ademais da introdución de formas non binarias, como o xenérico en alumnado. Banegas e López (2021) destacan que o uso da linguaxe inclusiva en castelán, especialmente mediante adaptacións morfolóxicas, busca superar o binarismo tradicional nun contexto de demanda por igualdade e xustiza social. Pola súa parte, Bosque (2012) sostén que a linguaxe inclusiva implicaría que “no

se podría hablar”. En relación con isto, estudos recentes (Zarwanitzer & Gelormini-Lezama, 2023; Rothermund e Strack, 2024) evidencian que o procesamento da linguaxe inclusiva pode supoñer un maior custo cognitivo, o que se pode interpretar como unha barreira temporal ou como o reflexo dunha fase incipiente na súa integración.

A RAE rexeita o uso de linguaxe inclusiva e, ante iso, Niklison (2020) propón unha análise glotopolítica que cuestiona as respostas negativas da RAE,segundo a autora, o rexeitamento non se fundamenta exclusivamente en argumentos lingüísticos, senón que revela unha postura autoritaria destinada a preservar un modelo normativo profundamente enraizado no patriarcado. Sostén este particular, García Meseguer (2001) ao manifestar que a linguaxe é machista porque a sociedade tamén o é, e mentres a linguaxe se manteña así, a sociedade seguirá perpetuando o machismo. Esta atribución do masculino como xenérico responde a unha tradición histórica na que o varón impuxo as regras gramaticais, outorgándolle ao masculino o dobre valor de xenérico e específico, amparándose no principio de economía lingüística:

Aunque indemostrable, no es arriesgado suponer que quien bautizó por primera vez a los géneros gramaticales con los adjetivos ‘masculino’ y ‘femenino’, lo hizo así pensando que el primero era propio del varón y el segundo de la mujer. A partir de ese momento y teniendo en cuenta que el varón ha sido hasta hace poco quien ha impuesto todas las reglas, no es de extrañar que las gramáticas de las diferentes lenguas, salvo rarísima excepción, otorguen al género masculino el doble valor de genérico y específico, habida cuenta además del principio universal de economía lingüística. (García Meseguer, 2001, pp.30-31)

No ámbito educativo, a coeducación implica repensar o xeito de comunicarse co alumnado, e o uso da linguaxe inclusiva contribúe a boas prácticas coeducativas (Méndez Lois, Villar Varela e Permuy, 2017; Ruíz Repullo, 2017; Subirats, 2021). Non só a linguaxe resultante da oralidade é relevante, senón tamén os materiais empregados na aula. Neste sentido, a literatura infantil desempeña un papel fundamental na formación da identidade e na transmisión de valores sociais

(Colomer, 2010). As novas pedagogías da competencia lectora e literaria sosteñen que os textos teñen unha ideoloxía implícita que cómpre analizar (Cassany, 2005) e que o uso sistemático do masculino xenérico pode conducir a unha representación sesgada, na que o masculino se establece como norma e o feminino queda relegado á excepción. Estas prácticas teñen implicacións significativas na construción da identidade infantil, xa que as narrativas e a elección léxica inflúen na autopercepción e nas aspiracións de nenas e nenos (Bem, 1981).

O álbum ilustrado, como xénero literario, integra texto e imaxe para crear significados complexos (Lewis, 2001; Nodelman, 1990). Nos últimos anos, o interese pola literatura infantil e xuvenil aumentou, especialmente no estudo do álbum ilustrado (Moya Guijarro e Cañamares Torrijos, 2020). Tradicionalmente, a literatura infantil reproducía roles de xénero (Davies, 1989), e diversas investigacións evidenciaron que os personaxes masculinos adoitan ter maior protagonismo e axencia que os femininos (Martínez Lirola, 2020; Moya Guijarro e Cañamares Torrijos, 2020; Weitzman et al., 1972). Con todo, recentemente, moitas editoriais reformularon as súas estratexias lingüísticas e visuais, optando por desdobramentos, termos neutros ou estruturas narrativas que eviten a preeminencia do masculino (Bringas et al., 2012).

Deste xeito, formúlase a seguinte pregunta de investigación: como se manifesta o uso do masculino xenérico nos álbums ilustrados e que alternativas inclusivas se propoñen? Para dar resposta ao obxectivo principal deste estudo é identificar e analizar os usos do masculino xenérico nos álbums ilustrados, explorando (no seu caso) posibles alternativas máis inclusivas.

2. MÉTODO

Utilizarase unha metodoloxía cualitativa que combina dous procedementos complementarios. En primeiro lugar, levarase a cabo unha análise crítica do

contido textual cun enfoque descritivo e exploratorio, que permitirá avaliar de xeito obxectivo o emprego do masculino xenérico no corpus de libros. Esta análise centrarase na identificación de patróns e regularidades, adoptando un enfoque aberto, sen hipóteses previas, para describir un fenómeno concreto (Hernández-Sampieri & Mendoza, 2018). En paralelo, realizarase unha análise crítica do discurso cun enfoque indutivo, orientado a extraer explicacións, identificar causalidades e formular alternativas a partir dos datos recollidos. Este segundo enfoque permitirá afondar nas implicacións subxacentes na elección de estratexias lingüísticas, complementando a perspectiva obtida na análise de contido (Sayago, 2014). A presentación de frecuencias e porcentaxes constitúe unha cuantificación descritiva das categorías codificadas, propia da análise de contido cualitativa, e non un compoñente cuantitativo inferencial.

Para definir o corpus e os criterios de inclusión, a poboación de estudo comprenderá álbums ilustrados (en galego ou castelán) baixo os seguintes criterios de selección:

- Recoñecemento pola súa calidade: seleccionáronse obras recoñecidas pola súa calidade, xa sexa a través de premios literarios ou pola traxectoria consolidada —entendida como unha produción continuada e sostida ao longo do tempo— de autoras, autores e editoriais no ámbito da literatura infantil e xuvenil.
- Publicación escalada no tempo: a mostra abrangue obras publicadas entre 1991 e 2023, distribuídas en catro décadas —anos noventa (1 obra), 2000–2009 (11), 2010–2019 (9) e 2020–2023 (12)—, o que permite observar a evolución do uso do masculino xenérico ao longo do tempo.
- Accesibilidade e dispoñibilidade: priorizáronse títulos facilmente accesibles, xa sexa a través de bibliotecas, librarías ou plataformas dixitais, co fin de garantir a aplicabilidade dos resultados en contextos reais de ensino-aprendizaxe.
- Narracións textuais completas: seleccionáronse álbums cunha carga

textual suficiente para permitir unha análise crítica do discurso. Excluíronse, por tanto, álbums silentes.

- Amplitude do corpus: estableceuse un número mínimo de 25 álbums ilustrados, ampliado finalmente a 33 obras (véxase Anexo I, Táboa 1A). Dado o seu carácter intencional e o seu tamaño, a mostra concíbese como un corpus indiciario cuxos resultados aspiran á transferibilidade propia da investigación cualitativa, e non á xeneralización.

A recolección de datos consistirá na lectura, identificación do uso do masculino xenérico e rexistro da imaxe asociada para examinar os usos e a relación entre o texto e a imaxe.

A análise realizarase mediante unha clasificación que parte dunha premisa: en ningún caso o masculino xenérico constitúe unha esixencia gramatical, pois sempre existe, cando menos, unha alternativa inclusiva. Os casos ordénanse segundo o grao de reformulación inclusiva — unha valoración da autoría a partir de indicios observables: restricións de rima ou ritmo, natureza do referente, número de concordancias afectadas e dispoñibilidade de recursos inclusivos sinxelos —, que distingue entre:

- Reformulación inmediata: casos nos que a alternativa inclusiva se introduce mediante unha substitución léxica ou morfolóxica puntual — un desdobraemento sinxelo, un termo colectivo ou unha forma neutra —, sen modificar a estrutura da oración nin o rexistro do texto.
- Reformulación de maior alcance: casos nos que a alternativa inclusiva require intervir alén da palabra e reformular a oración ou a pasaxe no seu conxunto (estrutura sintáctica, voz narrativa ou organización do enunciado).


Entendendo que esta delimitación non resulta sinxela, a interpretación de cada caso atende á carga semántica e cultural de cada termo, pois dúas estruturas formalmente semellantes poden presentar, desde a perspectiva analítica

adoptada, un grao distinto de marca androcéntrica. Por exemplo, "amigos" — palabra que designa un vínculo horizontal e simétrico — pode presentar unha marca menos evidente, ata o punto de que en certos contextos o masculino plural se perciba como non marcado; isto non implica, porén, que constituía unha forma neutra, e de feito moitas persoas optan xa por alternativas como *amizades* ou *amigas e amigos*. No caso de "pais" (por pai e nai), a carga simbólica é distinta: ao tratarse dunha estrutura marcada polos roles de xénero, "os pais" invisibiliza a figura da nai —e tamén configuracións familiares como a formada por dúas nais—, e reproduce un modelo no que o masculino opera como norma e o feminino queda subentendido.

3. RESULTADOS E DISCUSIÓN

Primeiramente preséntase un gráfico cos anos de publicación da mostra (véxase Figura 1). A variedade cronolóxica reflicte a intención de abranguer unha representación ampla e diversa de obras que permita observar como o uso do masculino xenérico se mantén —con matices— ao longo do tempo, e facilita identificar posibles patróns ou cambios asociados a diferentes momentos editoriais e culturais.

Figura 1. Distribución temporal dos anos de publicación da mostra



Co fin de ilustrar os resultados, íranse amosando imaxes de cada álbum xunto co resultado acadado. As imaxes das páxinas dos álbums ilustrados foron tomadas pola autora do artigo e empréganse unicamente con fins ilustrativos.

En *Alba* empregouse "Os papás de Alba eran pescadores do lago e vendedores" ou "tiñan na casa tres nenos" ao lado dunha ilustración dun home e unha muller e dúas nenas e un neno (véxase Figura 2). Pode entenderse que a ilustración completa o texto ao amosar os dous xéneros pero, como explicabamos no apartado anterior, está bastante asentado o uso de "pais" e "nais" e o desdobre. Neste caso sería mellor "O pai e a nai de Alba eran quen pescaban no lago e vendían despois os produtos" e "Tiñan na casa dúas nenas e un neno". Pode comprobarse que non entorpece a fluidez da narración e reforza o imaxinario colectivo diverso.

Figura 2. Aplicación do masculino xenérico



Nota. Alba de Helena Villar Janeiro

En *La Familia* aparece a expresión "(...) os meus pais para o seu traballo..." (véxase Figura 3) nun álbum que ademais aborda a diversidade familiar cómpre recorrer ao desdobre "o meu pai e a miña nai".

Figura 3. Aplicación do masculino xenérico



Nota. Familia de Pep Bruno e Mariona Cabassa

En Tres Contos para crianzas empregan fórmulas como “(...) aos pais do neno”; “seus avós”; “o muiñeiro e a súa muller”. Nos dous primeiros casos cómpre facer desdobre “a nai e o pai do neno” e “o seu avó e a súa avoa”. No último caso é máis un uso de sexismo discursivo (como aparece na mesma páxina tamén podemos comentar), pois a muller aparece supeditada ao labor do muiñeiro, sen un rol propio. Tamén se asume que a única función da muller é ser “a súa muller” e pódese cambiar por “A parella que atendía o muíño” ou “a muller e o home que rexentaban o muíño.”

Figura 4. Aplicación do masculino xenérico



Nota. Garabanciño de Olalla González Taeger.

Atopamos máis exemplos nesta liña en *Morto de Fame*, fálase de "(...) como o eran xa os seus avós"; en *Que medo mamá Raquel*, optouse por "(...) os pais de Fran e Sara" baixo unha foto de unha muller e un home; en *Lolo anda en Bicicleta* utilízase tamén "(...) os seus pais"; en *Garabanciño* destaca a presenza de "os pais" (véxase Figura 4) mentres na ilustración saen un home e unha muller; en *Puag que noxo!* obsérvase o uso de "meus pais non estaban", na mesma páxina fala de "mamá" e de "papá" (véxase Figura 5).

Figura 5. Aplicación do masculino xenérico



Nota. Puag que noxo! de Fina Casalderrey

En relación aos usos que se observan en *As trenzas do avó*, onde aparece “os veciños” (véxase Figura 6); en *Lucinda e o inspector Vinagre*, co exemplo “os músicos, os gatos e os veciños”; ou en *Herbalúa*, a expresión “nin sou o teu amigo nin veciño”, cómpre salientar que non existen razóns formais que obriguen a empregar este tipo de formulacións no masculino. Pola contra, resulta pertinente considerar alternativas máis neutras ou colectivas que abranguen con maior amplitude a diversidade de persoas. Unha opción acaída podería ser “a veciñanza”, xa que inclúe por igual a todas as persoas que conviven nun mesmo contorno, sen restrinxir ou marcar o xénero.

Figura 6. Aplicación do masculino xenérico



Nota. Alba, Helena Villar Janeiro

En *Mostro Rosa* o conto remata cun “benvidos”, mentres que en *Os Wombis e os Cueiros* (véxase Figura 7), conclúese cun “benvido”. Neste caso, o uso do masculino xenérico pretende acoller a todas as identidades, mais resulta paradoxal á hora de reforzar valores inclusivos, pois pode semellar excluínste. Se ben a intención de amosar diversidade é positiva, este final podería mellorarse para reflectir de maneira máis precisa e efectiva a inclusividade e evitar calquera

ambigüidade na mensaxe final.

O uso de fórmulas como “benvidas (as persoas)” non conta con ningún impedimento formal e podería popularizarse se se empregase con maior frecuencia tanto na literatura coma noutros contextos. No canto de manter o masculino xenérico (“benvidos” ou “benvido”), a opción “benvidas” aposta por unha linguaxe máis aberta, que abrangue a totalidade das persoas sen restricións nin marcas de xénero, reforzando así a coherencia cun discurso realmente inclusivo.

Figura 7. Aplicación do masculino xenérico



Nota. Mostro Rosa de Olga de Diós e Os Wombis e os Cueiros de Emilia Rebumbio e Irene San Juan.

En *Anka: os mariñeiros da terra de xeo*, emprégase a expresión “os forasteiros”. De xeito semellante, en *Frederick*, atopamos a frase “os granxeiros marcharan”. No caso de *Lucinda e o inspector Vinagre*, a narración fala dunha “cuadrilla de pequenos piratas”, aínda que a ilustración amosa nenos e nenas disfrazadas. Finalmente, en *As mazás da prosperidade* aparece “unha casa de labregos (...) vivía unha parella de vellos composta por un labrego e a súa muller”, mentres na

páxina seguinte vemos a un home e máis a unha muller traballando nunha leira (véxase Figura 8).

Figura 8. Aplicación do masculino xenérico



Nota. As mazás da prosperidade de H.C. Andersen e M^a Fe Quesada


Nestes casos, o uso do masculino xenérico non reflicte con exactitude o que se observa nas ilustracións, e só hai razóns de economía lingüística que xustifiquen empregalo. En relación con iso, podería usarse “as forasteiras” cun engadido, por exemplo: (Nota: O uso de “as forasteiras” non designa exclusivamente un grupo de mulleres, senón a un grupo de persoas). Ademais, se “vellos” e “labrego” se utilizan como simplificación, non resulta congruente que a muller que traballa arreo na mesma leira quede relegada a ser “a muller do labrego”, cando tamén podería ser designada directamente como labrega.

Deste xeito, corremos o risco de invisibilizar o seu papel activo e de desaxustar a relación entre o texto e as imaxes, contradicindo o espírito inclusivo que adoitan ter as obras de literatura infantil e xuvenil.

No caso de obras que tratan temas delicados como o Holocausto, en títulos como

A historia de Erika, onde atopamos “con outros centos de xudeus” (véxase Figura 9), ou *Humo*, que recorre a expresións como “los gitanos” ou “mamá me dice que los niños que entran en ella” (véxase Figura 10).


Figura 9. Aplicación do masculino xenérico



Nota. *A historia de Erika* de Ruth Vander Zee e Roberto Innocenti

Nestes casos empregar un masculino xenérico ou formas que non inclúen expresamente as diversas identidades supón un reduccionismo que ignora a pluralidade existente nestes grupos; isto borra a presenza das mulleres e nenas e resulta contraditorio cando se pretende sensibilizar sobre a diversidade cultural, relixiosa ou étnica. Non suporía alteración nin complicaría a lectura substituír esas expresións por outras máis inclusivas, como “con outras centas de persoas xudías” ou “o pobo xitano”, coas que se recoñecería de maneira máis respectuosa e exacta a realidade e a diversidade desas comunidades.

Figura 10. *Aplicación do masculino xenérico*



Nota. Humo de Antón Fores e Joanna Concejo.

En *A terra acatarrouse* lese “e os homes, as mulleres e os nenos oíron...” (véxase Figura 11). Neste caso, aínda que se aprecia un desdobramento parcial ao nomear explicitamente os homes e as mulleres, mantense “nenos” como forma xenérica para a infancia, algo aceptado normativamente pero que, á súa vez, contradí o desdobre anterior e invisibiliza as nenas. Unha opción máis inclusiva sería desdobrar en “nenas e nenos”, garantindo así a mesma visibilidade para todos os xéneros.

Figura 11. *Aplicación do masculino xenérico*



Nota. *A terra acatarrouse* de Roxane Marie Galliez e Sandrine Lhomme

En *O mundo de cores de Roque e Lía*, emprégase a expresión “pasámolo moi ben xuntos (Roque e Lía)” (véxase Figura 12). A reformulación inclusiva é posible mediante a reescritura da oración, aínda que a opción económica “en compañía” altera o rexistro. Na valoración da autoría, é o caso de maior alcance da mostra, por canto “xuntos”, referido a dúas personaxes de xénero distinto, non admite unha substitución directa sen reescritura; a dificultade é estilística, non gramatical.

Figura 12. Aplicación do masculino xenérico




Nota. O mundo de cores de Roque e Lía de Paula Suárez.

Neste caso, *O crocodilo o que non lle gustaba a auga* escriben “El quería xogar cos seus irmáns” hai que recorrer ao desdobre “cos seus irmáns e as súas irmás”. En *Rapunzel*, atopamos a expresión “un home e unha muller vivían desconsolados porque non tiñan fillos (...) esperaban un bebé” (véxase Figura 13). Se ben poderíamos substituíla por “non tiñan descendencia”, tal formulación resultaría demasiado formal para un público infantil, e “non tiñan fillos nin fillas” podería encaixar pero perdería certa sinxeleza. Na valoración da autoría, o caso sitúase

no tramo de maior alcance pola perda de sinxeleza que algunhas alternativas introducen; non se trata, porén, dunha imposibilidade gramatical.

Figura 13. Aplicación do masculino xenérico



Nota. Rapunzel de Iratxe López de Munáin

En casos como *O cociñeiro Martiño*, onde se le “por que chorades, amigos?” ou *O Monstro e a nena*, que inclúe a frase “pero todos os nenos escaparon correndo”, malia que na páxina anterior se vexan dous nenos e unha nena, o desdoblamento ou unha reescritura da pasaxe permiten a forma inclusiva. Na valoración da autoría, estes casos sitúanse no tramo de maior alcance polo rexistro oral, sen que iso constitúa unha xustificación para conservar o masculino xenérico.

En *Xaime e as landras*, (véxase Figura 14), atopamos a expresión “Xaime e os seus amigos” mentres que na páxina seguinte aparecen homes, mulleres e unha nena. O desdoblamento (“Xaime, as súas amigas e os seus amigos”) ou unha reescritura da pasaxe son viables; na valoración da autoría, o caso sitúase no tramo de maior alcance pola extensión do desdobre, non por imposibilidade.

Figura 14. Aplicación do masculino xenérico



Nota. Xaime e as landras de Tim Bowley e Inés Vilchez.

Outros casos admiten igualmente reformulación inclusiva, aínda que a autoría os sitúa en distintos tramos do continuo. Por exemplo, en *Misión Princesa*, coa frase “coidado con ese chisme, que nos podemos cortar todos” onde o desdoblamento “todos e todas” é unha alternativa viable, e en *Oreillas de bolboreta*, que inclúe “mil mans máis os acariñaron” a pesar de que na ilustración se vexan tantas nenas coma nenos, sendo “que as e os acariñaron” unha alternativa posible; pola mesma razón, en *La Jardinera*, a despedida “saludos a todos” pasaría a “saludos a todas y a todos”.

Do mesmo xeito, en *O poder máximo do sorriso*, atopamos “que mellor que vós mesmos, ou os vosos seres queridos” e a forma desdobrada “vós mesmas e vós mesmos, ou vosas e vosos seres queridos” é unha alternativa posible. Tamén en *Queda sitio na vasoira*, aparece “os dous amigos”, que se refire a unha nena e un neno, sendo “a amiga e o amigo” unha alternativa inclusiva. Nesa liña, *A ovella chocou un ovo*, emprega “e moi contentos os cinco”, coa opción inclusiva “as e os cinco”, e en *A casa da mosca chosca*, “poderei cos meus amigos” podería reescribirse como “coas miñas amigas e cos meus amigos”. Finalmente, en *Vou!*, (véxase Figura 15), líase “meus amigos mais eu” malia as ilustracións amosar

nenas e nenos, podendo reformularse como “meus amigos, miñas amigas mais eu”; cómpre lembrar, ademais, que presentar eses desdobres contribúe a que o alumnado practique a escoita e enriquece a lingua. En todos estes casos, que unha alternativa resulte máis ou menos económica non xustifica manter o masculino xenérico: economizar a base de omitir o feminino non é economía da linguaxe.

Figura 15. Aplicación do masculino xenérico



Nota. *Vou!* de Elena Andrés.

A continuación amosamos unha clasificación de 33 álbums ilustrados analizados, ordenados segundo o grao de reformulación inclusiva requirida – reformulación inmediata (categoría A) e de maior alcance (categoría B) – (véxase Figura 16) de acordo cos criterios expostos no texto.

Figura 16. Aplicación do masculino xenérico segundo reformulación

Reformulación inmediata (56 %) 


Reformulación de maior alcance (44 %) 

Os resultados obtidos nesta análise amosan que, no conxunto dos 33 álbums ilustrados examinados, aproximadamente un 56 % dos exemplos de masculino

xenérico corresponden a casos de reformulación inmediata, mentres que un 44 % requiren unha reformulación de maior alcance. Esta distinción –gradual e non pechada– mostra que máis da metade dos casos admiten unha substitución inclusiva inmediata, mentres que o resto require unha intervención de maior alcance; en ningún deles o masculino xenérico constitúe a única opción posible.

A análise temporal da mostra revela unha evolución no uso do masculino xenérico nos álbums ilustrados publicados entre 1991 e 2023. Na década de 2000–2009, os casos de reformulación inmediata supoñen máis do 80 % do total, o que reflicte unha escasa presenza de linguaxe inclusiva nas narracións da época, posiblemente asociada á limitada visibilidade das cuestións de xénero nas políticas editoriais ou á menor sensibilización social arredor da linguaxe. Porén, a partir da década seguinte –2010–2019– a proporción de casos de reformulación de maior alcance aumenta e, na etapa máis recente (2020–2023), supera a metade do total. O reducido tamaño da mostra, especialmente nas primeiras décadas, recomenda interpretar este patrón como un indicio e non como unha tendencia consolidada.

Figura 17. Distribución de usos do masculino xenérico por década



Este desprazamento pode interpretarse como unha redución dos casos de reformulación inmediata –os androcentrismos máis doados de evitar–,

mentres persisten os que esixen unha reformulación de maior alcance. Esa persistencia non responde a unha esixencia da lingua, pois sempre existe alternativa, senón á forza das rutinas discursivas

4. CONCLUSIÓN

A análise realizada permite confirmar que, malia a maior sensibilidade social arredor da linguaxe inclusiva, o masculino xenérico segue a ser amplamente utilizado nos álbums ilustrados, mesmo en obras recentes. A delicada construción do ton narrativo e da musicalidade textual —dimensións fundamentais da literatura dirixida á infancia, como destacan Colomer (2010) e Nodelman (1990)— pode requirir, nalgúns casos, unha reescritura máis coidada da pasaxe. Trátase dunha dificultade de orde estilística, e a análise dos casos mostra que en ningún momento constitúe unha imposibilidade gramatical: aínda que Escandell Vidal (2020) sostén que a gramática do español non é intrinsecamente sexista, sempre cabe unha reformulación inclusiva, como avalan as fórmulas viables que documentan Banegas e López (2021) e De Miguel (2023).

Non obstante, tamén se detecta que este recurso aparece en contextos onde existen alternativas lingüísticas viables, como termos colectivos (“a veciñanza”) ou desdobramentos sinxelos (“nenas e nenos”), sen que se vexa comprometida a fluidez nin a comprensibilidade do texto. Isto evidencia que a súa persistencia non se debe unicamente a criterios de economía lingüística —como defenden as normas académicas tradicionais—, senón tamén á forza das rutinas discursivas e á inercia sociolingüística herdada dun modelo androcéntrico (Spender e Sarah, 1993; Cameron, 1992).

Existen marxes para explorar fórmulas máis inclusivas que non supoñan unha ruptura co rexistro narrativo nin coa naturalidade expresiva, tal e como propoñen Banegas e López (2021), De Miguel (2023) ou Niklison (2020). En coherencia con

esta liña, a dimensión icónica dos álbums cobra especial relevancia: como afirman Gygax et al. (2008) e Rothermund e Strack (2024), a claridade do contexto visual pode atenuar os efectos do masculino xenérico e contribuír a construír referentes máis diversos. A dimensión icónica pode acompañar, mais non substituír, a reformulación lingüística: a compensación visual e a lingüística deben ir á par (Stahlberg et al., 2007).

Cómpre, porén, lembrar que renunciar ás fórmulas inclusivas en nome da “naturalidade” traslada un custo simbólico na formación dunha conciencia crítica e plural, especialmente no marco da coeducación. Os álbums ilustrados, como soportes privilexiados de socialización, teñen un papel clave na transmisión de valores de equidade, respecto e diversidade. Que os 33 álbums da mostra empreguen o masculino xenérico –e que a totalidade dos usos admita reformulación inclusiva con máis ou menos custo– evidencia a normalización dun modelo hexemónico e subliña a necesidade dunha aposta consciente por unha linguaxe máis inclusiva. A tendencia identificada nos últimos anos suxire que o álbum ilustrado está, non obstante, a avanzar nesa dirección.

Bibliografía

Nota da autora: As referencias presentan unha desviación deliberada e consistente: os nomes das autoras e autores indícanse completos, e non abreviados a iniciais, co fin de dar visibilidade ao xénero na produción científica. O resto dos criterios APA aplícase con normalidade.

- Alarcos Llorach, Emilio. (1994). *Gramática de la lengua española*. Espasa.
- Banegas, Darío Luis, & López, María Fernanda. (2021). Inclusive language in Spanish as interpellation to educational authorities. *Applied Linguistics*, 42(2), 342–346. <https://doi.org/10.1093/applin/amz026>
- Bem, Sandra Ruth Lipsitz. (1981). Gender schema theory: A cognitive account of sex typing. *Psychological Review*, 88(4), 354–364. <https://doi.org/10.1037/0033-295X.88.4.354>
- Berger, Peter L., & Luckmann, Thomas. (2000). *La construcción social de la realidad*. Amorrortu.
- Bosque, Ignacio. (2012). Sexismo lingüístico y visibilidad de la mujer. *Boletín de Información Lingüística de la Real Academia Española*, (1). <https://revistas.rae.es/bilrae/article/view/120>

- Bourdieu, Pierre. (2006). *La dominación masculina*. Anagrama.
- Bringas, Ana, Castro, Olga, Fariña, María Jesús, Martín, Belén, & Suárez, Beatriz. (2012). *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*. Universidade de Vigo, Unidade de Igualdade.
- Butler, Judith. (2017). *El género en disputa*. Paidós.
- Cameron, Deborah. (1992). *Feminism and linguistic theory* (2.^a ed.). Palgrave Macmillan.
- Cassany, Daniel. (2005). Literacidade crítica: ler e escribir a ideoloxía [Taller]. IX Simposio Internacional da Sociedade Española de Didáctica da Lingua e a Literatura.
- Colomer, Teresa. (2010). *Introducción a la literatura infantil y juvenil*. Síntesis.
- Cuba, Ernesto. (2018). Lingüística feminista y apuesta glotopolítica. *Anuario de Glotopolítica*, 2, 21–40.
- Davies, Bronwyn. (1989). *Frogs and snails and feminist tales: Preschool children and gender*. Allen & Unwin.
- Dayer, Caroline. (2017). Quel genre de savoirs? Épistémologies féministes et (dé)construction des connaissances. *Atlánticas. Revista Internacional de Estudos Feministas*, 2(1), 60–88.
- De Miguel, Elena. (2023). Acuerdos y desacuerdos sobre el lenguaje inclusivo. *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación*, 96, 175–204. <https://doi.org/10.5209/clac.91587>
- Escandell Vidal, María Victoria. (2020). En torno al género inclusivo. *IgualdadES*, 2, 223–249. <https://doi.org/10.18042/cepc/IgdES.2.08>
- García Meseguer, Álvaro (2001). ¿Es sexista la lengua española? *Panace@*, 2(3), 20–34. https://www.tremedica.org/wp-content/uploads/n3_GarciaMeseguer.pdf
- Guerrero, Susana. (2020). El debate social en torno al lenguaje no sexista en la lengua española. *IgualdadES*, 2, 201–221. <https://doi.org/10.18042/cepc/IgdES.2.07>
- Gygax, Pascal, Gabriel, Ute, Sarrasin, Oriane, Oakhill, Jane, & Garnham, Alan. (2008). Generically intended, but specifically interpreted: When beauticians, musicians, and mechanics are all men. *Language and Cognitive Processes*, 23(3), 464–485. <https://doi.org/10.1080/01690960701702035>
- Hernández-Sampieri, Roberto y Mendoza Torres, Christian Paulina. (2018). *Metodología de la investigación: Las rutas cuantitativa, cualitativa y mixta*. McGraw-Hill Interamericana.
- Lewis, David. (2001). *Reading contemporary picturebooks: Picturing text*. Routledge.
- Macionis, John J., y Plummer, Ken. (2011). *Sociología* (4.^a ed.). Pearson Educación.
- Martín, María. (2019). *Ni por favor ni por favora*. Catarata.
- Martínez Lirola, María. (2020). Nuevas masculinidades en una muestra de libros álbum con padres gais: Un análisis crítico multimodal. En Arsenio Jesús Moya Guijarro y Cristina Cañamares Torrijos (Coords.), *Libros álbum que desafían los estereotipos de género y el concepto de familia tradicional: análisis semiótico y multimodal* (pp. 249–277). Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- Méndez Lois, María José, Villar Varela, Milena, y Permuy Martínez, Aixa. (2017). A coeducación no sistema educativo español: Reflexións e propostas. *Atlánticas*.

- Revista Internacional de Estudios Feministas*, 2(1), 192–215.
<https://doi.org/10.17979/arief.2017.2.1.2011>
- Moya Guijarro, Arsenio Jesús, & Cañamares Torrijos, Cristina. (2020). *Libros álbum que desafían los estereotipos de género y el concepto de familia tradicional*. Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- Niklison, Lucía María. (2020). Lo que la RAE no nombra no existe: Una mirada glotopolítica a las respuestas de la RAE al lenguaje inclusivo/no sexista. *Cuadernos de la ALFAL*, 12(1), 13–32.
- Nodelman, Perry. (1990). *Words about pictures: The narrative art of children's picture books*. University of Georgia Press.
- Real Academia Española. (2020). *Informe de la Real Academia Española sobre el lenguaje inclusivo y cuestiones conexas*.
https://www.rae.es/sites/default/files/Informe_lenguaje_inclusivo.pdf
- Real Academia Española. (s.f.). Masculino genérico. En *Glosario de términos gramaticales*. Recuperado o 18 de febrero de 2025, de
<https://www.rae.es/gtg/masculinogen%C3%A9rico>
- Rothermund, Patrick, & Strack, Fritz. (2024). Reminding may not be enough: Overcoming the male dominance of the generic masculine. *Journal of Language and Social Psychology*, 43(4), 468–485.
<https://doi.org/10.1177/0261927X241237739>
- Ruíz Repullo, Carmen. (2017). Estrategias para educar en y para la igualdad: Coeducar en los centros. *Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas*, 2(1), 166–191.
<https://doi.org/10.17979/arief.2017.2.1.2063>
- Sau, Victoria. (2009). *Diccionario ideológico feminista*. Icaria.
- Sayago, Sebastián. (2014). El análisis del discurso como técnica de investigación cualitativa y cuantitativa en las ciencias sociales. *Cinta de Moebio*, (49), 1–10.
<http://www.moebio.uchile.cl/49/sayago.html>
- Spender, Dale y Sarah, Elizabeth. (1993). *Aprender a perder: Sexismo y educación*. Paidós.
- Stahlberg, Dagmar, Braun, Friederike, Irmen, Lisa, & Sczesny, Sabine. (2007). Representation of the sexes in language. En Klaus Fiedler (Ed.), *Social communication* (pp. 163–187). Psychology Press.
- Subirats, Marina. (2021). *Coeducación, apuesta por la libertad*. Octaedro.
- Weitzman, Lenore J., Eifler, Deborah, Hokada, Elizabeth, & Ross, Catherine. (1972). Sex-role socialization in picture books for preschool children. *American Journal of Sociology*, 77(6), 1125–1150. <https://doi.org/10.1086/225261>
- Zarwanitzer, Ana y Gelormini-Lezama, Carlos. (2023). Tiempos de lectura de oraciones con lenguaje inclusivo en español: un estudio psicolingüístico. *Vertex. Revista Argentina de Psiquiatría*, 34(159), 40–46.
<https://doi.org/10.53680/vertex.v34i159.366>

ANEXO I

Táboa 1A. Listaxe de álbums revisados

Título	Autoría	Ilustración	Editorial	Ano	ISBN
<i>A casa da mosca chosca</i>	Eva Mejuto	Sergio Mora	Kalandraka	2004	9788484641551
<i>A historia de Erika</i>	Ruth Vander Zee	Roberto Innocenti	Kalandraka	2007	9788484645207
<i>A ovella que chocou un ovo</i>	Gemma Merino	Gemma Merino	Patasdepeixe	2019	978 8491452393
<i>A terra acatarrouse</i>	Roxane Marie Galliez	Sandrine Lhomme	Baía Edicións	2013	9788499950686
<i>Alba</i>	Helena Villar Janeiro	Abi Castillo	Galaxia	2021	9788491516354
<i>Anka: os mariñeiros da terra de xeo</i>	Peio López-Huerta	Irati Merino Petralanda	Galaxia	2021	9788491515821
<i>As mazás da prosperidade</i>	H.C. Andersen	M ^a Fe Quesada	Galaxia	1991	9788471548146
<i>As trenzas do avó</i>	Nuria Figueiras Adell	Roger Olmos Pastor	Kalandraka	2006	9788484641278
<i>La Familia</i>	Pep Bruno	Mariona Cabassa	Kalandraka	2010	9788484647416
<i>Frederick</i>	Leo Lionni	Leo Lionni	Kalandraka	2005	9788493375911
<i>Garabanciño</i>	Olalla González	Marc Taeger	Kalandraka	2008	9788484646822
<i>Herbalúa</i>	Marilar Aleixandre	Enjamio	Galaxia	2006	9788482889634
<i>Humo</i>	Antón Fortes	Joanna Concejo	OQO Editora	2023	9788498717068
<i>La jardinera</i>	Sarah Stewart	David Small	Ekaré	2012	9788493991296
<i>Lolo anda en bicicleta</i>	Carlos Casares	Manuel Uhía	Galaxia	2004	9788482887241
<i>Lucinda e o inspector Vinagre</i>	Marisa Núñez	João Caetano	Kalandraka	2001	9788484640721
<i>Misión Princesa</i>	El Hematocrítico	Mar Villar	Xerais	2022	9788411101080

Título	Autoría	Ilustración	Editorial	Ano	ISBN
<i>Morto de fame</i>	El Hematocrítico	Mar Villar	Xerais	2023	9788411103305
<i>Mostro Rosa</i>	Olga de Diós	Olga de Diós	Apila Ed.	2013	9788493973643
<i>O cociñeiro Martiño</i>	Iago López	Macus Romero	Xerais	2016	9788491210665
<i>O crocodilo ao que non lle gustaba a auga</i>	Gemma Merino	Gemma Merino	Picarona	2019	9788491452386
<i>O monstro e a nena</i>	Sergio Costas Chaos	Jorge J. Costas	Galaxia	2021	9788491517467
<i>O mundo de cores de Roque e Lía</i>	Paula Suárez	Nuria Díaz	Galaxia	2023	9788491519461
<i>O poder máximo do sorriso</i>	Thalía Troitiño González	Luz Beloso	Galaxia	2022	9788491519102
<i>Orellas de bolboreta</i>	Luisa Aguilar	André Neves	Kalandraka	2008	9788484646624
<i>Os Wombis e os Cueiros</i>	Emilia Rebumbio	Irene San Juan	Galaxia	2017	9788491510956
<i>Puag que noxo!</i>	Fina Casalderrey	Xan Lopez Dominguez	Galaxia	2001	9788482881201
<i>Que medo mamá Raquel</i>	Agustín Fernández Paz	Fran Jaraba	Xerais	2008	9788497823807
<i>Queda sitio na vasoira</i>	Julia Donaldson	Axel Scheffler	Patasdepeixe	2021	9788494634123
<i>Rapunzel</i>	Iratxe López de Munáin	Iratxe López de Munáin	OQO Editora	2013	9788498714319
<i>Tres contos para crianzas</i>	Vicente Risco	Noemí López	Aira	2020	9788412263114
<i>Vou!</i>	Elena Andrés	Elena Andrés	Galaxia	2023	9788411760102
<i>Xaime e as landras</i>	Tim Bowley	Inés Vilchez	Kalandraka	2020	9788484645320